

Dona **Belén Rubio Armesto**, Presidenta da Comisión de Investigación

FAI CONSTAR

Que a Comisión de Investigación, reunida en sesión ordinaria de data 18 de Xaneiro de 2024, en relación ao punto número 5 da orde do día, *Selección e aprobación, se procede, das candidaturas para participar na convocatoria de axudas Beatriz Galindo 2023*, e tendo en consideración os criterios para a presentación dunha proposta, aprobados en Comisión de investigación de 15 de decembro de 2023, no que se establece que:

Poderán presentar unha proposta de solicitude as seguintes estruturas:

1. Os departamentos que dispoñan de áreas con capacidade de consolidación de profesorado.
2. Os departamentos que carecen de áreas con capacidade de consolidación de profesorado pero que dispoñen de candidaturas excepcionais pola súa relevancia docente e investigadora. Serán consideradas candidaturas excepcionais aquelas que reúnan algún dos seguintes requisitos:
 - Candidaturas que estivesen incluídas na lista de investigadoras e investigadores altamente citadas nos últimos cinco anos publicada por Thomson Reuters en calquera categoría científica (<https://hcr.clarivate.com/>)
 - Candidaturas que acadasen unha axuda European Research Council (ERC) nos últimos cinco anos.
 - Candidaturas que tivesen publicado nas revistas Nature e/ou Science nos últimos cinco anos.
 - As candidaturas deben ademais reunir os requisitos de experiencia sinalados para cada modalidade de axuda.

Acordou aprobar as seguintes candidaturas:

- **María Carmen Parafita Couto (Filoloxía inglesa, francesa e alemá)**
 - Non ten necesidade docente
 - Cumpre o requisito 2 – CV excepcional.

- **González Rodríguez, Brais (Estatística e Investigación operativa)**
 - A área ten necesidade docente.
 - Cumpre o requisito 1.
- **Amin Mousavi Khaneghah (Química analítica e alimentaria)**
 - Non ten necesidade docente
 - Cumpre o requisito 2 – CV excepcional.

E acordou non aprobar as seguintes candidaturas:

- **Loretto Matilde Contreras Porcia (Enxeñería Química)**
 - O departamento non cumpre o requisito 1.
 - A candidata non cumpre o requisito 2.
- **Elena Gómez Costa (Enxeñería Química)**
 - O departamento non cumpre o requisito 1.
 - A candidata non cumpre o requisito 2.

E para que así conste aos efectos oportunos asino a presente a 22 de Xaneiro de 2024.